



I CARREIRA POPULAR SOLIDARIA AXUDA CONTRA O CANCRO DE CURTIS

O Concello de Curtis, a través da súa Concellería de Deportes, en colaboración coa Asociación de Axuda contra o Cancro, organizarán o **domingo 8 de xullo de 2018** a partir das 11 horas, a **I Carreira Solidaria e unha Andaina de Axuda contra o Cancro** que conectará a localidade de Curtis coa de Teixeira.

A proba levarase a cabo no Concello de Curtis (A Coruña) e estarán baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago)**. A proba estará suxeita o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

2. **SAIDA E META:**

A saída da proba será ás 11 horas desde o **polideportivo municipal de Curtis**, e a meta estará ubicada na **Praza de España na localidade de Teixeira**.

3. **CATEGORIAS DE PARTICIPACION**

As categorías de competición serán as seguintes:

| CATEGORIA | ANOS DE NACEMENTO |
|-------------------------|---------------------------------------|
| JUNIOR - Sub 20 | atletas nados/as no 1999 e 2000 |
| PROMESA - Sub 23 | atletas nados/as no 1996, 1997 e 1998 |
| SENIOR | atletas nados/as entre 1984 e 1995 |
| MASTER <u>1</u> | atletas nados/as entre 1978 e 1983 |
| MASTER <u>2</u> | atletas nados/as entre 1968 e 1977 |
| MASTER <u>3</u> | atletas nados/as entre 1958 e 1967 |
| MASTER <u>4</u> | atletas nados/as en 1957 e anteriores |

4. **DISTANCIAS E HORARIOS**

| HORA | CATEGORÍA | DISTANCIA |
|---------|----------------------------------|---------------|
| 11:00 h | Junior, Promesa, Senior e Máster | 11 km aprox.. |
| 12:30 h | <u>ENTREGA DE PREMIOS</u> | |

5. INSCRICIÓNS

Os participantes deberán realizar a súa inscrición na páxina web www.carreirasgalegas.com. Máis información na web www.atletismo.gal con data límite o **mércores 4 de xullo ás 23:59 horas**.

PREZOS DA INSCRICION:

- **Carreira - PROBA ABSOLUTA (de junior- sub 20 en adiante): 5,00 €**
- **ANDAINA. Adultos 3€ (Nacidos dende o 2000) e para os participantes menores a inscrición será gratuita**

O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina www.carreirasgalegas.com.

6. PREMIOS e AGASALLOS

Outorgaranse os seguintes premios:

- Trofeo aos tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no regulamento da proba.
- Trofeo o/a primeiro/a clasificado/a local da carreira absoluta.
- Trofeo ós/ás tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta
- Agasallo conmemorativo para todos/as os/as participantes.

7. RETIRADA DE DORSAIS

Realizarase o día da proba na Praza de España da localidade de Teixeira a partir das 09.30 horas.

O dorsal-chip entregado deberá levarse en toda a súa extensión, colocado na zona anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.

8. SERVIZO DE AUTOBUSES:

A organización habilitará un servizo de autobuses que trasladará aos atletas dende a Praza de España (lugar de meta) ata o polideportivo municipal de Curtis (Lugar de saída) a partir das 10.00 horas.

9. DESCALIFICACIONES

Todo corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos **FGA** e **RFEA** en vigor referentes a probas en ruta, será descalificado a criterio do Xuíz Árbitro da Competición. **TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descalificar a calquer participante que incumpra as ditas normas de competición ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

10. Habará servizo de duchas a disposición dos atletas no polideportivo municipal de Teixeira.
11. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor.
12. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

LOPD: Ao realizaren a inscrición, todos os/as corredores/as aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de protección de datos, a persoa interesada pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Gasgow 13 15008 A Coruña.

MAIS INFORMACION

www.curtis.es
www.carreirasgalegas.com
www.atletismo.gal
www.correrengalicia.org

Concello de Curtis (Concellería de Deportes)
Plaza de España, 1 Teixeira A Coruña 15310
Teléfono: 981 789 003
email: concellodecurtis@hotmail.com